



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA
E A ASOCIACIÓN CLÚSTER EMPRESARIAL DE TURISMO DE GALICIA (CTG)
PARA A ELABORACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO DE TURISMO DE GALICIA
2017-2020.**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia ten previsto formalizar coa entidade ASOCIACIÓN CLÚSTER EMPRESARIAL DE TURISMO DE GALICIA (CTG) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 8 de abril de 2016 ata o 15 de decembro de 2016.

Que o instrumento convencional ten por **obxecto**:

O obxecto do presente convenio é definir as liñas básicas da colaboración público-privada co CTG para o deseño, elaboración e redacción do Plan Estratéxico de Turismo de Galicia 2017-2020 (PETGA).

Este obxecto concrétase nas seguintes actuacións:

- a) Elaboración dunha Diagnose estratéxica, onde se realice un estudo da análise da contorna, da oferta e da demanda.
- b) Elaboración dun DAFO de balance, identificando os aspectos sobre os que se articulará a estratexia de participación do Plan.
- c) Dinamización e coordinación de Mesas de Participación en torno a temáticas tales como os cambios no comportamento do consumidor, análise territorial, mobilidade, intermodalidade e accesibilidade, competitividade, caracterización do sector turístico e do sector público.
- d) Elaboración dunha Diagnose estratéxica final
- e) Definición da Misión e obxectivos

f) Desenvolvemento das liñas estratéxicas do Plan.

Dinamización e coordinación de Mesas de Participación en torno a diferentes temáticas como o crecemento e innovación, o desenvolvemento territorial, produto turístico, mercados e internacionalización, posicionamento e promoción e a sustentabilidade do destino.

g) Elaboración do cadro de mando integral e indicadores

h) Deseño do cadro económico financeiro do Plan

i) Elaboración do documento de síntese do Plan.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

1. Que a Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 do Decreto 196/2012, do 27 de setembro polo que se crea a Axencia Turismo de Galicia, é o órgano da Xunta de Galicia ao que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de fomento e competitividade do turismo.

2. Que a asociación sen ánimo de lucro CTG, constituída o 20 de xuño de 2013, é a única entidade en Galicia que agrupa e representa a toda a cadea de valor do sector turístico de Galicia, cuxa finalidade é a representación, defensa e difusión dos intereses comúns dos seus membros, o fomento das actividades principais ou nucleares da cadea de valor do turismo (actividades de apoio, actividades centradas no subministro e actividades centradas no equipamento) así como o incremento da competitividade do sector turístico para o cal realizará cantas accións estime necesarias, promovendo e impulsando a interacción dos distintos axentes co fin de dinamizar e fomentar as relacións entre eles, proporcionando unha plataforma de encontro axeitada para poder cumprilo reto de desenvolver o sector do turismo en Galicia.

3. Que a colaboración co sector privado é fundamental para a realización da análise do sector e o seu diagnóstico, pasando pola definición das liñas estratéxicas e os seus indicadores, cuantificando economicamente as medidas de actuación. Neste sentido, a

colaboración público-privada no deseño dun Plan Estratéxico a catro anos resulta a fórmula idónea para acadar os mellores resultados, de xeito que se conte coa máxima participación de todos actores implicados, como garantía dun resultado que escoite todas as sensibilidades e teña en conta a todos.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela
A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos